



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Mar Rodríguez Fernández directora xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, a necrópole de Santa Mariña, situada nos concellos do Inicio, Samos e Sarria, provincia de Lugo

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto de homologación sanitaria de receitas oficiais para a prestación farmacéutica

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Santiago de Compostela para a creación de tres escolas infantís 0-3 municipais integradas na Rede Galega de Escolas Infantís
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello da Bola para a creación dun punto de atención á infancia (PAI) integrado na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), no cal se concreta o Plan Operativo para 2006-2007

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se outorga á entidade mercantil Cuarzos Industriales, S.A. titular das explotacións mineiras “C.E. Conchitina N^o 4980” e as súas demasías, e “C.E. Conchitina Fracción 2^a N^o 5701.2”, situadas no termo municipal do Vicedo, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro de 2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control de tensión na comunidade autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Clúster do Audiovisual Galego para potenciar o sector audiovisual de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Cerceda para a mellora de iluminación
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as empresas *Unión Eléctrica Fenosa, S.A.*, *Barras Eléctricas Galaico Asturianas, S.A. (BEGASA)* e a *Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía Eléctrica de Galicia (APYDE)* para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control de tensión na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a determinación das especies que xeran pragas e doenzas forestais e a realización de



análises para probas de laboratorio a fin de verificar a virulencia das cepas de estirpe do castiñeiro captadas en Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e a *Asociación Programa Cambio*, de Córdoba (Arxentina) para a realización de obras de reforma do inmobile da asociación
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Sergas, a Universidade de Santiago e a Fundación Empresa Universidade Galicia (Feuga) para o desenvolvemento de accións relacionadas coa mellora de calidade asistencial dos servizos de atención á drogodependencia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Sergas, a Universidade de Santiago para o estudo de determinados aspectos relacionados coa problemática asociada ao consumo de drogas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Secretaría Xeral de Emigración e a *Fundación España Salud* para a prestación de asistencia sanitaria e farmacolóxica
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao contrato programa asinado o 1 de xaneiro de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica pola que se actualizan as probas de carteira de servizos, se incrementa o importe máximo do módulo 1 e se establece o sistema de compensación de gastos entre o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a dita fundación

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Lugo para a execución do proxecto de acondicionamento da marxe dereita do río Miño en Lugo por importe total 3.917.691,93 euros



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Guitiriz para a execución das obras: “Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Mellora das redes de saneamento e distribución de auga de Guitiriz e Parga. Guitiriz (Lugo)”, polo importe de 699.817 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Carnota para a execución das obras: “Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Rede de saneamento de Carnota. 4ª fase. Carnota (A Coruña)”, por importe de 397.842,12 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello do Grove para a execución das obras: “Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Depósito de regulación no Grove. O Grove (Pontevedra)”, polo importe de 844.916,35 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a subscripción dun convenio de colaboración coa *Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga)* para a elaboración dun traballo de investigación e edición dun libro sobre o mundo do traballo

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe sobre o acordo coa Fegamp para a constitución da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

MOCIÓNS E PROPOSTAS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Declaración institucional no Día Internacional contra a Violencia de Xénero, 25 de novembro de 2006



A NECRÓPOLE DE SANTA MARIÑA, EN LUGO, DECLARADA BEN DE INTERESE CULTURAL

- ***Trátase dunha das máis relevantes concentracións de arquitecturas tumulares do noroeste peninsular***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), coa categoría de zona arqueolóxica, a necrópole de Santa Mariña, situada nos concellos do Incio, Samos e Sarria, en Lugo. Esta necrópole esténdese polas parroquias de Santa Cristina de Viso, no Incio; Santiago de Formigueiros, en Samos San Martiño de Loureiro (Sarria).

Esta necrópole foi construída nun intervalo temporal situado entre o neolítico final e o bronce inicial, entre o IV e II milenio a.C. Trátase dunha das máis relevantes concentracións de arquitecturas tumulares do noroeste peninsular. A súa importancia ven dada non só polo elevado número de elementos que o conforman, senón tamén pola heteroxeneidade ou diversidade que presenta tanto nas súas dimensións e nos restos das antas, hoxe visibles, como na ocupación do espazo funerario.

Actualmente están identificados 44 depósitos arqueolóxicos, 40 deles corresponden a monumentos tumulares ou medorras, nome co que se denominan na zona estes depósitos, que neste caso son tres gravados rupestres e un elemento adscribible á época moderna.

A zona de protección da necrópole abrangue dous eidos: a integral, que ven definida por un polígono irregular que engloba a totalidade da penechaira terminal da serra, así como o tramo superior da ladeira, ata as cabeceiras de valgada. A área exterior correspóndese cunha superficie delimitada na súa práctica totalidade por elementos físicos equiparables tanto na realidade física que se observa como na cartografía.



A XUNTA AVANZA CARA A IMPLANTACIÓN DA RECEITA ELECTRÓNICA COA APROBACIÓN DO DECRETO DE HOMOLOGACIÓN SANITARIA DE RECEITAS

- **Con esta modificación preténdese posibilitar a dispensación renovable para os tratamentos de longa duración evitándolle ao paciente desprazamentos e molestias**
- **A partir de agora, os facultativos poderán prescribir nun só acto as receitas que cubran o tratamento para 3 meses nos pacientes crónicos**
- **Entre as vantaxes deste procedemento atópase a diminución de consultas aos pacientes polimedicados e con tratamentos crónicos, evitando así desprazamentos innecesarios**

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto de modificación da Homologación Sanitaria de Receitas Oficiais para a Prestación Farmacéutica coa que se pretende reducir non só o número de visitas dos enfermos crónicos ao médico, senón ás veces que teñen que acudir á Inspección para o visado das receitas de longa duración. Esta medida enmárcase na pretensión do Goberno galego de implantar proximamente a receita electrónica na Comunidade Autónoma, que permitirá a prescrición e a homologación dos tratamentos para un periodo prolongado de tempo, segundo criterio do facultativo responsable.

Vantaxes do procedemento

Entre as vantaxes deste procedemento aprobado hoxe atópase a diminución de consultas aos pacientes polimedicados e con tratamentos crónicos ou de longa duración, evitando así desprazamentos innecesarios aos centros de saúde. Por outra banda, desde o punto de vista do facultativo médico, este procedemento permite acadar máis tempo para a atención nas consultas ao diminuír o número de visitas que teñan, como única finalidade, a renovación de receitas.

A partir de agora, os facultativos poderán prescribir nun só acto as receitas que cubran o tratamento para 3 meses nos pacientes crónicos. Posteriormente, o paciente poderá retirar a medicación na oficina de farmacia nos 10 días seguintes á data de prescrición que figure en cada unha das receitas. É dicir, o paciente crónico non pode recibir dunha vez os medicamentos correspondentes a todas as receitas prescritas polo médico, pero si pode beneficiarse das vantaxes da prescrición diferida, e reducir as súas visitas ao centro de saúde.

Esta modificación soluciona o baleiro existente ata agora, xa que non se prevía ningún apartado dedicado á homologación das receitas para aqueles pacientes que padecen algunha enfermidade crónica de tipo cardiovascular, insuficiencia renal, demencia ou dor. Moitos deles presentan, ademais, varias destas patoloxías simultáneas, o que trae como consecuencia unha utilización prolongada de fármacos e/ou produtos sanitarios sometidos a unha prescrición continuada.

Cara a receita electrónica



En consecuencia, Sanidade posibilitará a dispensación renovable e o visado de homologación correspondente para os tratamentos de prescrición continuada, evitándolle aos pacientes desprazamentos e molestias.

A dispensación renovable ten unha vixencia máxima de tres meses. A fórmula aprobada é unha medida provisional á espera da posta en marcha da receita (prescrición e dispensación) electrónica que permitirá a prescrición e homologación dos tratamentos por un período de tempo máis prolongado.

O que se pretende coa modificación deste decreto é posibilitar a dispensación renovable para os tratamentos de prescrición continuada dos medicamentos e produtos sanitarios suxeitos á homologación. Cando as receitas que integren cada suposot de dispensación renovable precisen de homologación, ésta realizarase nun só acto, mellorando a accesibilidade dos pacientes ao seu tratamento e axilizando a prestación farmacéuticas dos cidadáns. Deste xeito, a modificación do decreto, mellora os procedementos de xestión e control da prestación farmacéutica deben ser mellorados de modo que dean resposta a situacións e problemáticas como a anteriormente sinalada.

Medicina Xenómica

Doutra banda, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da segunda addenda ao contrato programa subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, pola que se actualizan as probas da carteira de servizos. Con esta addenda, o contrato programa que estaba establecido para todo o ano 2006 en 738.780 euros se incrementa en 217.324 euros o seu importe inicial.

Entre os servizos que a Fundación de Medicina Xenómica presta ao Servizo Galego de Saúde están os referidos a procesos de medicina molecular, citoxenética, farmacoxenética ou consello xenético.



A XUNTA E A AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN EXTERIOR DESTINAN 2,1 MILLÓNS DE EUROS Á REALIZACIÓN CONXUNTA DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN EN 11 PAÍSES DO TERCEIRO MUNDO

- ***Estas actuacións están enmarcadas no Plan Operativo para 2006-2007 que inclúe actuacións en Bolivia, Cabo Verde, Ecuador, Guatemala, Guinea Bissau, Honduras, Mozambique, Nicaragua, O Salvador, Perú e Senegal***
- ***A Dirección Xeral de Cooperación Exterior achegará máis de 773.000 euros para estas actuacións, orientados á mellora do sector pesqueiro e ao coidado ambiental***

A Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) dedicarán ao longo de 2006 e 2007 un total de 2.170.772 euros á realización de once proxectos en once países do terceiro mundo. Así se establece no Plan Operativo para 2006-2007 entre ambas as institucións, que o Goberno galego autorizou a subscribir esta mañá.

Segundo o texto do Plan, a Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación Internacional traballarán conxuntamente ao longo deste bienio para desenvolver 11 proxectos centrados no coidado ambiental e, fundamentalmente, o desenvolvemento do sector pesqueiro en Bolivia, Cabo Verde, Ecuador, Guatemala, Guinea Bissau, Honduras, Mozambique, Nicaragua, O Salvador, Perú e Senegal. Para a súa posta en marcha, o Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, achegará 773.532 euros ao longo de 2006 e 2007.

Neste marco, actuarase en Senegal nun programa de apoio á xestión de residuos domésticos e das augas do departamento de Foundiougne e das illas de Sine Saloum para contribuír a mellora da salubridade destas poboacións. Trátase de loitar contra a proliferación de enfermidades como o paludismo e o cólera, endémicas nesta zona que conta con preto de 30.000 habitantes que viven fundamentalmente da pesca e da agricultura. Esta iniciativa contará cunha achega de 50.000 euros por parte do Goberno galego e de 174.000 euros por parte da AECI, que tamén realizará labores de seguimento e control do proxecto.

En Bolivia, actuarase para a preservación do Bosque Seco Chiquitano, en Santa Cruz, priorizando a conservación da biodiversidade mediante a reforestación con especies autóctonas e potenciando as actividades de transformación da madeira como a carpinteraría e a artesanía, por seren as que maior valor económico poden achegar á economía local. En total, destinaranse 215.000 euros para este proxecto.

Outra das actuacións acordadas é a consolidación do centro de formación pesqueira de Bolama, en Guinea Bissau, capacitando os formadores e contribuíndo á dotación do centro no que se imparten as clases. A AECI e a Xunta destinarán 420.000 euros para este programa.



Así mesmo, porase en marcha un plan de apoio ás actividades de procesamento da pesca artesanal na illa de San Cristobal e para a elaboración dun plan de desenvolvemento sustentable para a provincia de Galápagos, na República do Ecuador, por valor de 75.000 euros.

No Salvador, actuarase para fortalecer o sector dos pescadores artesanais da rexión oriental, no marco do Programa de Apoio ao subsector pesqueiro artesanal na Rexión do Golfo de Fonseca e de proxecto de Apoio á xestión integral de Manglares e Zonas Húmidas costeiras da AECI.

Tamén no eido da pesca, colaborárase na construción das infraestruturas dun mercado central en Tegucigalpa (Nicaragua), un plan piloto para o manexo sustentable dos recursos bentónicos en Perú, unha actividade de formación, diagnóstico e dotación de equipamento en vixilancia e inspección pesqueira en Cabo Verde, así como un programa de apoio ao Ministerio de Pesca de Mozambique.

Unidade de acción exterior

Este convenio enmárcase dentro do principio de unidade de acción do Goberno español no exterior, incluíndo a participación das comunidades autónomas nos seus programas de actuación. Neste caso, a comunidade galega conta cunha ampla experiencia en pesca e ambiente e aposta polas actuacións para combater a pobreza e promover o dereito ao desenvolvemento integral dos países do terceiro mundo.

Así mesmo, acordase continuar coa colaboración para que catro bolseiros da Xunta de Galicia se integren nas Oficinas Técnicas de Cooperación (OTC) que son unidades adscritas organicamente ás embaixadas e que colaboran coa AECI e no desenvolvemento dos seus proxectos.



País	Actuación	Achega da Xunta	Achega da AECI
Senegal	Apoio á xestión de residuos domésticos e das augas do departamento de Foundiougne das illas de Sine Saloum	50.000 €	174.000 €
Bolivia	Proxecto para a preservación do Bosque Seco Chiquitano (Santa Cruz)	68.000 €	112.000 €
Guinea Bissau	Consolidación do centro de formación pesqueira de Bolama	120.000 €	300.000 €
Ecuador	Apoio ás actividades de procesamento da pesca artesanal na illa de San Cristobal e elaboración dun plan de desenvolvemento local sustentable para a provincia de Galápagos	60.000 €	15.000 €
O Salvador	Fortalecemento dos pescadores artesanais da rexións oriental do Salvador	65.500 €	160.000 €
Guatemala	Equipamento e posta en marcha dun centro de venda de pesca artesanal na central de maioreo da cidade de Guatemala (II Fase)	62.500 €	25.000 €
Honduras	Construción da infraestrutura dun mercado central de comercialización de produtos pesqueiros en Tegucigalpa	115.000 €	25.000 €
Nicaragua	Apoio da actividade pesqueira das comunidades artesanais do Lago Nicaragua e Río San Xoán	67.500 €	293.690 €
Perú	Plan piloto para o manexo sustentable de recursos bentónicos	65.032 €	172.500 €
Cabo Verde	Formación, diagnóstico e dotación de equipamento en vixilancia e inspección pesqueira	25.000 €	120.000 €
Mozambique	Apoio ao ministerio de Pesca de Mozambique	75.000 €	€
Total		773.532€	1.397.190€ 2.170.772€



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DE TRES ESCOLAS INFANTÍS NO CONCELLO DE SANTIAGO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para a creación destes centros***
- ***As escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos estarán no Polígono do Tambre, San Roque e na praza da Constitución***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Santiago para a construción des tres escolas infantís de 0 a 3 anos na cidade. O convenio prevé a creación destes centros no Polígono Industrial do Tambre - Boisaca, en San Roque e na praza da Constitución, no ensanche compostelán. Os centros, aos cales a Xunta destina un total de 1.325.603 euros, integraranse na rede Galescola, e pasarán a xestionarse dentro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As creación das tres escolas infantís supón un orzamento inicial de 1.657.004 euros, dos cales a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar compromete a achega económica correspondente ao 80% do custo do proxecto construtivo, as obras de construción e a urbanización do contorno perimetral dos centros, a aboar en tres anualidades correspondentes aos exercicios do 2006, 2007 e 2008. O concello asume o restante 20%, en total 331.400 euros.

En concreto, para a construción da escola infantil en Boisaca - Polígono Industrial do Tambre prevese un investimento de 834.263 euros, 556.503 euros serán para a de San Roque e 266.238 para a da praza da Constitución.

As tres escolas infantís entrarán a formar parte da Rede Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia. Unha vez creados, e en virtude dos convenios asinados, os centros pasarán a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do cal se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento destes servizos, correspondéndolle un mínimo do 30% ao concello e outro tanto aos usuarios.



A XUNTA INVESTIRÁ 100.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DA BOLA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para a creación deste centro***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración para a construción dunha escola infantil de 0 a 3 anos no concello ourensán da Bola. O centro, ao cal a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina un total de 100.000 euros, integrárase na rede Galescola e pasará a xestionarse dentro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A escola infantil da Bola ten un orzamento inicial de 125.000 euros, dos cales a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar compromete á achega económica correspondente ao 80% do custo do proxecto construtivo, as obras de construción e a urbanización do contorno perimetral do centro, a aboar en dúas anualidades correspondentes aos exercicios do 2006 (25.443 euros) e 2007 (74.556 euros). O Concello asume o restante 20%, en total 25.000 euros.

Unha vez creado, o centro pasará a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do cal se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento destes servizos, correspondéndolle un mínimo do 30% ao concello e outro tanto aos usuarios.

A nova escola infantil da Bola formará parte da Rede Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia. En Ourense, contéplase a creación de 18 Galescolas, que permitirán que no 2007 esta provincia conte con 949 novas prazas para menores de entre 0 e 3 anos, un crecemento do 71,5%. Con este incremento de prazas, daráselle cobertura ao 39,7% da poboación menor de 3 anos, un índice que supera o recomendado pola Unión Europea, que é do 33%. Deste xeito, Ourense, xunto con Lugo, entran a formar parte dun grupo reducido de provincias que, en todo o Estado, cumpren o índice de cobertura de prazas recomendado pola Unión Europea.



POLÍTICA TERRITORIAL AUTORIZA UNHA EXPLOTACIÓN MINEIRA NO VICEDO

- ***A licenza correspóndese unicamente con actividades extractivas polo que calquera construción, edificación ou instalación vinculada a ela deberá obter a preceptiva licenza autonómica***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo polo cal a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes concede autorización previa á licenza municipal á empresa Cuarzos Industriais S.A., para a explotación dos recursos mineiros no concello lugués do Vicedo.

Esta autorización, referida aos ámbitos denominados “C.E. Conchitina nº 4980 e as súas demasías”, e “C.E. Conchitina fracción 2ª nº 5701.2”, correspóndese unicamente con actividades extractivas, polo que calquera construción, edificación ou instalación vinculada a ela deberá obter a preceptiva licenza autonómica.

A presente autorización conta coa declaración de impacto ambiental formulada pola Consellería de Medio Ambiente.



XUNTA, GOBERNO CENTRAL E EMPRESAS ELÉCTRICAS DESTINARÁN PRETO DE 17 MILLONS DE EUROS A MELLORAS NA CALIDADE DO SERVIZO ELÉCTRICO E Á REALIZACIÓN DE PLANS DE CONTROL DE TENSIÓN

- ***O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Innovación e Industria para asinar os convenios da Tarifa eléctrica 2005***
- ***A Tarifa resulta dun cálculo feito en relación co ingresado pola tarifa eléctrica, e estima o fondo que se achegará para ás melloras nas liñas de media e alta tensión, así como nas subestacións.***

A Consellería de Innovación e Industria colaborará coas empresas de distribución de electricidade e co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico e plans de control de tensión en Galicia. Así o autorizou hoxe o Consello da Xunta en dous acordos que posibilitan a sinatura de convenios de colaboración da Tarifa eléctrica de 2005, co Ministerio de Industria e coas eléctricas, para a execución destas obras de mellora.

En conxunto, o investimento total das obras a realizar ao amparo dos convenios de tarifa ascende a 16.965.000 euros, dos cales 11.486.924,99 euros corresponden a plans de mellora da calidade e 5.478.075,01 destinaranse a plans de control de tensión. Esta colaboración vén marcada por lei e dase ao amparo dos fondos recadados na comunidade autónoma polas tarifas eléctricas ao final de cada exercicio. Así, cada ano a Administración realiza un cálculo, en relación co percibido pola tarifa eléctrica, e estima o fondo que se achegará para ás melloras nas liñas de media e alta tensión, así como nas subestacións.

O financiamento das obras repártese entre as empresas distribuidoras, que achegarán o 60% do orzamento total, e a Consellería de Innovación e Industria e mailo ministerio, que achegarán cada un o 20%. As obras de mellora da calidade e plans de control contempladas abranguen as catro provincias.

Municipios

No que se refire á calidade do servizo, as actuacións desenvolveranse en 74 municipios, dos que 30 pertencen á provincia ourensá; 18 levaranse a cabo na Coruña; 15 en Pontevedra e 11 en Lugo.

Os concellos nos que se realizarán traballos para a optimización do control da tensión suman un total 24, espallados polas catro provincias e distribuídos do seguinte xeito: 9 en Pontevedra; 7 en Ourense, 4 na Coruña e outras catro en Lugo.



O CLÚSTER AUDIOVISUAL GALEGO POTENCIARÁ O SECTOR AUDIOVISUAL CO APOIO DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

▪ *Innovación achegará 350.000 euros para diversas actuacións dirixidas a potenciar o sector audiovisual*

A Consellería de Innovación e Industria achegará 350.000 euros, nas anualidades de 2006 e 2007, para a execución de diversas actuacións dirixidas a potenciar o sector audiovisual de Galicia. Así o establece un convenio de colaboración do cal o Consello da Xunta vén de autorizar a súa sinatura, entre este departamento do Goberno autonómico e o Clúster Audiovisual Galego.

O dito convenio prevé a execución de varios proxectos, como son un estudo de viabilidade para o desenvolvemento da Marca do Audiovisual Galego, actuacións de audiencias televisivas e impacto publicitario, análise sobre o lecer interactivo, construción e lanzamento da marca Audiovisual Galego, estudo de necesidades/infraestruturas para o proxecto do Parque Tecnolóxico, vixilancia tecnolóxica, catálogo sectorial on-line, plans de formación, participación no encontro Mundos Dixitais, xornadas inter-clúster ou xornadas técnicas de difusión ou actualización.

Estas actuacións enmárcanse na necesidade de fortalecer a cooperación entre as empresas do audiovisual galego, así como de adoptar modernas técnicas de xestión empresarial que lles permitan acadar o grao de desenvolvemento axeitado para competiren nos mercados estatais e internacionais. Esta nova tendencia require unha análise específica desde a óptica tecnolóxica, estratéxica, organizativa e de xestión de persoas que poidan conceptualizar a innovación, crear organizacións dinámicas, xestionar a tecnoloxía e rendibilizar ao máximo o potencial empresarial.



A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 219.000 EUROS PARA A MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO EN DISTINTOS PUNTOS DO CONCELLO DE CERCEDA

- ***O Goberno autonómico quere contribuír á mellora das infraestruturas enerxéticas galegas, dotándoas dunha calidade de servizo axeitada e atendendo sempre ao interese social***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio marco de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para o desenvolvemento de actuacións que melloren as iluminacións do Parque botánico-polígono de Acevedo e nas liñas A Silva-estrada A Capela; Silva II; A Tablilla; Campo Xestada; A Picota-Estación do Tren-Meirama; A Picota-Igrexa; Pao do Lobo-Queixas; e Calvario-Queixas.

O orzamento global destas actuacións elévase a 549.270,36 euros dos cales a Consellería de Innovación e Industria achegará o 40% (219.708,14 euros). Con este convenio e igual que noutros concellos do país, a Xunta quere contribuír á mellora das infraestruturas enerxéticas galegas, dotándoas dunha calidade de servizo axeitada e atendendo sempre ao interese social.



MEDIO RURAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO COLABORARÁN NO CONTROL BIOLÓXICO DO CANCRO DO CASTIÑEIRO EN GALICIA

- ***A achega económica da Xunta para a realización deste convenio ascende a 192.000 euros***

A Consellería do Medio Rural pretende conseguir a determinación das especies que xeran pragas e doenzas forestais e a realización de análises para probas de laboratorio, co obxectivo de verificar a virulencia das estirpes do cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*) captadas en Galicia. A achega económica para este convenio que se asinará coa Estación Fitopatolóxica do Areeiro, dependente da Deputación provincial de Pontevedra, será de 192.000 euros distribuídos en dúas anualidades, segundo autorizou o Consello da Xunta.

Medio Rural necesita contar coa colaboración de laboratorios con persoal de investigación de recoñecido prestixio para realizar o contraste na análise das mostras obtidas na determinación de patóxenos co obxectivo de adoptar os métodos de loita máis acaídos contra as pragas e enfermidades.

Entre os métodos de loita contra esta doenza do castiñeiro encóntrase a utilización de fungos menos virulentos (hipovirulentos), que permiten rebaixar a incidencia nas estirpes atacantes (hipervirulentas). Esta loita susténtase no feito de que as cepas ou estirpes destes fungos poden ser compatibles entre elas, chegando a enxertarse unhas nas outras, para rebaixar a súa capacidade de ataque, o que contribúe a que a planta reaccione e se defenda do dano producido polo fungo.

A Estación Fitopatolóxica do Areeiro colaborará, froito deste convenio, na mostraxe sistemática para realizar na rede de danos galega ata o 30 de novembro de 2007, e apoiará os labores de detección e loita contra os axentes patóxenos e abióticos.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN DESTINAN UN MILLÓN DE EUROS A GARANTIR A PRESTACIÓN SANITARIA E FARMACOLÓXICA ENTRE A CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN VENEZUELA

- ***O Consello da Xunta aproba as aportacións de Galicia á Fundación Galicia – Saúde de Venezuela para os anos 2006 e 2007***
- ***A Consellería de Sanidade subvencionará con 14.000 euros as obras do local da asociación arxentina Programa Cambio de Córdoba dedicada á prevención, asistencia, formación, investigación e comunicación de drogodependencias***

A Consellería de Sanidade e a Secretaría Xeral de Emigración destinarán un millón de euros a partes iguais entre este ano e o próximo para garantir a asistencia sanitaria e farmacolóxico para a cidadanía galega residente en Venezuela a través da Fundación España-Saúde constituída en Venezuela coa participación do Goberno español e varios Gobernos autonómicos, entre eles o de Galicia.

Así, o Goberno galego destina en 2006, 400.000 euros e o vindeiro ano 600.000 euros máis. A partida orzamentaria deste ano inclúe case 250.000 euros para cubrir os gastos da prestación sanitaria e outros 150.000 euros para a mellora dos equipamentos e instalacións sanitarias de Venezuela. O ano 2007, os 600.000 destinaranse a prestacións sanitarias.

Así, o Goberno galego establece unha colaboración para a realización conxunta dun programa de atención sanitaria e farmacolóxica aos galegos e galegas residentes en Venezuela que se atopen en situación de falta de cobertura real de asistencia sanitaria e de prestación farmacolóxica.

A Fundación España Saúde é unha entidade sen ánimo de lucro, con domicilio social en Caracas, que ten por obxecto a prestación de atención sanitaria médico-cirúrxica e farmacéutica aos emigrantes españois.

Integran o Consello de Administración de España Saúde o embaixador ou embaixadora de España en Venezuela, como presidente de honra; o conselleiro/a de Traballo e Asuntos Sociais da Embaixada; o presidente/a da Cámara de Comercio Hispano-Venezolana; o presidente ou presidenta do Consello de Residentes Españois; o presidente/a da Federación de Centros Españois, cadanseu representante dos Gobernos de Galicia (a conselleira de Sanidade, segundo o acordo do Consello da Xunta do 27 de xullo), Canarias e Asturias; o presidente ou presidenta dos Centros de Españois que teñan máis de mil socios titulares españois; tres representantes dos centros españois con menos de mil socios; dous representantes das Fundacións e Asociacións de españois con fins de carácter social; dous representantes das empresas españolas asentadas en Venezuela; un membro da Federación de Entidades Canarias no Exterior e un ou unha representante da Asociación de Empresarios Galegos en Venezuela.

Colaboración con Programa Cambio de Córdoba



Por outra banda, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Programa Cambio de Córdoba, en Arxentina, subscribirán un convenio de colaboración para a realización de obras de reforma do inmoble onde leva a cabo o seu traballo nas áreas de prevención, asistencia, formación, investigación e comunicación de drogodependencias a antedita Asociación. O importe do convenio ascende a 14.516 euros, distribuídos en dúas anualidades.

A Asociación Programa Cambio ten o seu inmoble na Rúa Castro Barros da cidade de Córdoba, dispoñendo o edificio dunha superficie de máis de 600 metros cadrados distribuídos en dúas plantas

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE ASISTENCIAL DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN Á DROGODEPENDENCIA

- ***Sanidade asinará dous convenios coa USC para este fin que contarán cunha achega global de máis de 110.000 euros***

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela, e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento de varias accións relacionadas coa mellora da calidade asistencial dos servizos de atención á drogodependencia, por un importe de 51.552 euros distribuídos en dúas anualidades.

Entres estas accións estarán a realización de enquisas de satisfacción a usuarios e profesionais da rede asistencial do Plan de Galicia sobre Drogas, e de diversas liñas de estudo e investigación sobre a problemática social relacionada coas drogodependencias.

Na mesma xuntanza do Consello da Xunta de Galicia aprobouse a autorización para subscribir un segundo convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago, para o estudo de determinados aspectos relacionados coa problemática asociada ao consumo de drogas, por un importe de 60.101 euros, distribuídos en dúas anualidades.

Entre as accións deste segundo convenio están as tarefas do Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago referidas ao control das concentracións sanguíneas de metadona dos pacientes en programas de tratamento con derivados opiáceos da rede asistencial do Plan de Galicia sobre Drogas.

A XUNTA COLABORA COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO NORTE E CO CONCELLO DE LUGO NO ACONDICIONAMENTO DAS MARXES DO RÍO MIÑO, QUE CONTA CUN ORZAMENTO DE CASE 4 MILLÓNS DE EUROS

- ***Esta acción enmárcase dentro do Plan de restauración hidrolóxica e de protección e rexeneración de canles e enclaves naturais do Goberno Central***
- ***A Xunta achega case 70 por cento do custo total que terán as actuacións de acondicionamento***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración que permitirá emprender o acondicionamento da marxe dereita do río Miño ao seu paso pola cidade de Lugo. Trátase dun proxecto que conta cun investimento de 3,9 millóns, que será financiado nun 70% pola Confederación Hidrográfica do Norte (CHN), nun 20% pola Consellería de Medio Ambiente a través do organismo autónomo Augas de Galicia, e nun 10% polo Concello de Lugo.

O prazo do convenio, do cal hoxe se autorizou a sinatura, é de 18 meses e as súas accións enmárcanse dentro do Plan de restauración hidrolóxica e de protección e rexeneración de canles e enclaves naturais posto en marcha polo Ministerio de Medio Ambiente.

As actuacións previstas consistirán na restauración hidrolóxica, acondicionamento e mellora da marxe dereita do río Miño ao seu paso pola cidade lucense e inclúen a construción dunha pasarela peonil na zona de San Lázaro que permitirá conectar ambas as ribeiras do citado leito.

A Confederación Hidrográfica encargárase da aprobación técnica e definitiva dos proxectos de obra e a contratación da súa execución conforme o plan aprobado, sen prexuízo da participación da Consellería de Medio Ambiente ou do Concello de Lugo na mesa de contratación. Igualmente, a CHN garantirá a plena dispoñibilidade dos bens e dereitos necesarios para o desenvolvemento dos traballos, efectuando para tal fin as actuacións expropiatorias que sexan necesarias. Unha vez rematadas as obras, a confederación entregaráas ao Concello de Lugo para o seu uso público e a súa xestión.



MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE GUITIRIZ E PARGA (LUGO), O GROVE (PONTEVEDRA) E CARNOTA (A CORUÑA)

- *As obras no concello pontevedrés consistirán na construción dun depósito de regulación que permitirá aumentar a capacidade de reserva de auga, para o que Medio Ambiente destinará 844.916 euros*
- *En Lugo, a Consellería investirá arredor de 700.000 euros na mellora das redes de abastecemento, saneamento e distribución de auga en Guitiriz e Parga*
- *O investimento previsto en Carnota completará o proxecto da rede de saneamento neste municipio coruñés*

A Consellería de Medio Ambiente investirá preto de dous millóns de euros en diversas obras de mellora das redes de saneamento e abastecemento dos núcleos de Guitiriz e Parga (Lugo), O Grove (Pontevedra) e Carnota (A Coruña), despois de que o Consello da Xunta aprobase hoxe os correspondentes proxectos.

No municipio pontevedrés do Grove está prevista a construción dun depósito de regulación, a fin de aumentar a capacidade de reserva de auga, sobre todo nos meses do verán nos cales se produce un incremento da poboación.

O proxecto conta cun prazo de execución de doce meses e cun presuposto de 938.795 euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente aportará 844.916 euros, o que supón o 90% do custo da obra, e o Concello do Grove os 93.879 euros restantes.

Lugo

Nesta provincia, Medio Ambiente destinará 699.817 euros á mellora das redes de abastecemento, saneamento e distribución de auga nos núcleos de Guitiriz e Parga, o que supón o 100% do custo das obras.

O prazo de execución do proxecto é de catro meses, e incluírá a mellora da rede de saneamento en Guitiriz, coa colocación de canalizacións de PVC, a realización de pozos de rexistro, e reparación dos pisos e pavimentos afectados pola execución das obras, así como a rexeneración de rasante de urbanización para acadar unha maior evacuación de escorregamentos.

No sistema de abastecemento procederáse á substitución das canalizacións pertencentes ás redes de distribución de auga potable e a instalación dunha nova conducción que se conectará coa rede de distribución.

Carnota

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente investirá 397.842 euros nas obras para completar a rede de saneamento nos núcleos de Lira e Carnota, no municipio coruñés de Carnota, na súa cuarta fase. O proxecto ten un prazo de execución de seis meses e incluírá a instalación de novos treitos de colectores que se suman aos xa existentes.



O primeiro dos colectores recollerá a impulsión procedente do núcleo de Lariño e discorrerá ata a praia de Mar de Lira, onde se conectará coa rede existente. Outros núcleos en que se executa a rede son a zona de Miñarzo e o porto de Lira.



A XUNTA DE GALICIA EMPREGARÁ DOCUMENTACIÓN ÚNICA DAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA A PUBLICACIÓN DUN LIBRO SOBRE A HISTORIA DO TRABALLO EN GALICIA

- ***O proxecto sobre o mercado laboral, coordinado polo catedrático da Universidade de Santiago, Ramón Villares, contará cun orzamento total que ascende aos 40.000 euros***
- ***O libro dividirase en catro grandes partes: un período inicial, desde fins do século XVII a fins do XIX; o despegue da revolución industrial moderna; a época franquista; e o período democrático***

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) para a elaboración dun libro sobre o mundo do traballo. Este proxecto estará coordinado polo catedrático da Universidade de Santiago de Compostela Ramón Villares.

A Consellería de Traballo destaca o valor histórico dun libro destas características e destaca que a Fundación Empresa-Universidade Galega ten acceso único a uns fondos documentais e gráficos indispensables para a realización do traballo, xa que o arquivo das tres universidades galegas é a día de hoxe a máis ampla recompilación de documentación, tanto escrita como gráfica, sobre a historia do movemento laboral en Galicia.

Ambas as entidades consideran de sumo interese a realización dun traballo de investigación, recolla documental e gráfica, redacción e edición dun libro que dea conta do mundo do traballo. Nese senso, o departamento que dirixe Ricardo Varela financiará cun orzamento de 40.000 euros esta publicación.

Nunha introdución xeral, o libro incluírá datos sobre a distribución da poboación activa de Galicia. Posteriormente, arranca cunha análise do período comprendido entre finais do século XVIII e finais do século XIX. Posteriormente presta atención a centros de traballo específicos, como a Fábrica de Tabacos, as fábricas de salga e estaleiros, ou a industria do ferro e os pelamios. Estas páxinas tamén abordan as primeiras formas de organización de artesáns e de accións colectivas (motíns, etc.).

Unha segunda parte da publicación recollerá o despegue dunha “revolución industrial moderna”, desde finais do século XIX ata os anos trinta do século XX: conservas, metalurxia, minaría, construción do ferrocarril; as formas de organización sindical obreira (socialistas, anarquistas, católicos...); así como as primeiras organizacións patronais (Unión de Fabricantes de Conservas, Liga Marítima).

Outro período, que conforma a terceira parte da publicación, é a época franquista, na que se analizarán temas relacionados co intervencionismo do Estado ao “desenvolvemento” dos anos sesenta e setenta; así como as novas formas de organizacións sindicais e de accións colectivas.



E por último, o libro centrarase no período democrático: a integración do mundo laboral (e empresarial) no panorama político do réxime autonómico. Organizacións, conflitos e principais accións.

Segundo se recolle no texto do convenio, o libro debe constar de tres soportes básicos: un texto corrido, ilustrado con imaxes de época ou con gráficos realizados “ad hoc” ou procedentes da bibliografía ao uso; unhas “monografías” específicas, sobre aspectos importantes do mundo do traballo, como poden ser as cabeceiras de prensa obreira, celebracións do Primeiro de Maio, “Casas do Pobo”, centros de estudos obreiros e conflitos de especial relevancia; ademais dunhas biografías dos principais líderes obreiros da Galicia contemporánea, como foron E.H. Botana, F. Fernández, Chacón, Pasín, W. Varela, Pillado e dalgúns líderes de empresa como: Harguindey, Massó, Domínguez, Barrié, Fernández.

Ademais, Traballo considera imprescindible adoptar medidas que permitan aproveitar e transferir os amplos coñecementos investigadores, científicos ou tecnolóxicos creados no mundo da comunidade universitaria. A finalidade é favorecer o desenvolvemento e a consolidación de medidas e proxectos eficaces e innovadores para a xeración de emprego estable e de calidade en Galicia.

A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA VELARÁ POLO USO RACIONAL DO SOLO CO FIN DE GARANTIR UN DESENVOLVEMENTO RACIONAL E ORDENADO DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO EN GALICIA

- ***Política territorial informa ao Consello da Xunta do acordo unánime acadado coa Fegamp sobre os estatutos que rexerán a Axencia de Protección da Legalidade Ubanística***

A conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, informou hoxe ao Consello da Xunta sobre o contido dos estatutos que rexerán a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que se prevé que estea operativa a finais do vindeiro ano, logo do acordo unánime acadado coa Fegamp. Este acordo unánime enmárcase dentro do grupo de traballo do Pacto Local no que atinxe ao eido da ordenación do territorio e o urbanismo. Esta Axencia velará polo uso racional do solo en Galicia, co fin de garantir un desenvolvemento racional e ordenado do urbanismo na Comunidade Autónoma.

Ditos estatutos deberán ser aprobados pola conselleira de Política Territorial e procederá a dar audiencia aos concellos polo prazo dun mes. Posteriormente, o texto polo que se creará a Axencia deberá someterse á ditame do Consello Consultivo de Galicia e da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Finalmente, o Consello da Xunta será o encargado de aprobar o decreto de creación da Axencia.

A Axencia configurarase como un ente público de carácter consorcial que ten, como principal finalidade, velar polo uso racional do solo conforme á normativa urbanística, sobre todo no que atinxe ao medio rural e á zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Funcións

A Axencia terá como principais funcións a inspección e vixilancia urbanística sobre a edificación e o uso do solo, a adopción das medidas cautelares previstas na Lei9/2002 (sobre todo no que atinxe a edificacións en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica) e a instrución de expedientes de reposición da legalidade e expedientes sancionadores. Así mesmo, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística terá potestade para requirir a anulación de licencias urbanísticas contrarias á normativa, e tamén realizar labores de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que corresponden aos concellos integrados voluntariamente na Axencia.

Membros e órganos directivos

Ademais da Administración Autonómica, serán membros da Axencia aqueles municipios que voluntariamente se integren nela e que asuman os estatutos da mesma. O modo de integración é un convenio de adhesión que deberá ser previamente aprobado polo Pleno da corporación correspondente e polo Consello da Xunta.



O Consello Executivo será o órgano colexiado de dirección e control da Axencia. O Consello estará composto polo presidente (cargo que ocupará o director xeral competente en materia de urbanismo), catro vocais en representación da Comunidade Autónoma (designados polo Consello da Xunta) e outros catro en representación dos concellos incorporados á Axencia.

O director da Axencia é o órgano executivo que será nomeado polo Consello da Xunta á proposta do conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.



MARÍA DEL MAR RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, NOVA DIRECTORA XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA

María del Mar Rodríguez Fernández foi nomeada polo Consello da Xunta nova directora xeral de Función Pública da Xunta de Galicia, en substitución de José Rodríguez González.

Nacida en 1964, Rodríguez licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 1987. Posteriormente, realizou un Curso superior de Economía e Administración de Empresas no Instituto Adriano Olivetti di studi per la gestione dell'Economía e delle Aziende (Italia), e un curso de postgrado sobre Alta Dirección de Universidades, na Universitat Politècnica de Catalunya. A súa formación complementaria inclúe eidos como a calidade nas administracións públicas, os recursos humanos e a política universitaria.

Entre os anos 1988 e 1991 foi a coordinadora do Curso Superior de Economía e Administración de Empresas no Instituto Universitario de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), e en 1992 coordinou o Curso de postgrado en xestión sanitaria da Fundación Juan Canalejo. Así mesmo, en 1990-91 foi socia consultora de CODE S. L. Asesores de Empresa Asociados.

Foi xerente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela entre 1993 e 1998. A partir deste ano realizou tarefas de xerencia adxunta na Universidade de Santiago de Compostela, ata outubro de 2005, cando foi nomeada xerente da Universidade, cargo no que se mantivo ata o presente ano.

María del Mar Rodríguez ten participado coma ponente en diversos congresos e cursos, con relatorios relacionados coas políticas de desenvolvemento, a responsabilidade social e as políticas de calidade na Universidade.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (25-11-2006)

O vindeiro sábado 25 de novembro conmemoramos o Día internacional contra a Violencia de Xénero.

Durante moitos anos as diversas formas de agresións que sofren as mulleres foron minimizadas e mesmo negadas pola sociedade patriarcal, situando o problema no ámbito privado dos conflitos, e condenando polo tanto as mulleres ao silencio e ao sometemento.

Pero a violencia de xénero non é un problema privado das mulleres que a padecen, é un problema de todas e de todos, e xuntos temos que rachar os muros de silencio e indiferenza ante esta lacra social que afunde as súas raíces en modelos culturais caducados e profundamente inxustos.

Desde o Goberno da Xunta de Galicia estamos a traballar para conseguir unha sociedade máis igualitaria e máis xusta, que avance na loita contra a violencia de xénero, renovando unha vez máis o noso compromiso cos dereitos das mulleres como parte inseparable, integral e inalienable dos dereitos humanos universais, e reiteramos a nosa firme vontade na coordinación de esforzos no camiño cara á igualdade de mulleres e homes, e no empeño de erradicar unha lacra impropia da condición humana.